

GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

16 de novembro

Día Internacional da Tolerancia

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVIDO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

SEPE

16 de novembro Día Internacional da Tolerancia

En 1996, a Asemblea Xeral da ONU (resolución 51/95) convidou aos Estados Membros a celebrar o Día Internacional da Tolerancia o 16 de novembro, para impulsar o respecto e aprecio cara á variedade de culturas do mundo, e as distintas formas de expresión dos seres humanos.

As Nacións Unidas están comprometidas a fortalecer a tolerancia, fomentando a comprensión mutua entre as culturas e os pobos.

Este imperativo, que figura no centro da Carta das Nacións Unidas, así como da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, é máis necesario que nunca nun contexto no que o extremismo violento parece ir en aumento e no que os conflitos caracterizados polo desprezo á vida humana están cada vez máis estendidos (basta mirar os xornais de forma cotiá para ver a frecuencia con que aparecen palabras como homofobia, xenofobia, discriminación, *bulling*, *moobing*, etc.).

A tolerancia recoñece os dereitos humanos universais e as liberdades fundamentais dos/as demais.

A xente é naturalmente diversa; e a diversidade é riqueza.

E, se queremos asegurar a supervivencia de comunidades mixtas ao longo do planeta, debemos saber que só o conseguiremos con tolerancia.

Ser diferente non é negativo, pero os prexuizos que creamos ao redor das persoas por xénero, cultura, crenzas..., si que traen consecuencias negativas e, en moitas ocasións, tráxicas.

Desde o Gabinete de Igualdade da CEG queremos destacar a importancia de tentar entender ao próximo, e a necesidade de “*soltar lastre*” e desfacernos deses prexuizos que nos acompañan e que non nos permiten respectar o que é diferente.

Feliz día a TODO o mundo!